



(repeat to fade)

(repeat to fade)
Rebeca Baceiredo

Rebeca Baceiredo,
Estaleiro Editora, 2011

Asociación Cultural Estaleiro
estaleiroeditora@gmail.com
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección:
Samuel Solleiro

Deseño e maquetación:
Nadina B. S.

Imprime:
Sacauntos

Depósito Legal:
ISBN: 978-84-615-0221-9



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais

*Pois no meu ofício a espiral e o círculo correspondem,
e o progressus ad futurum fundem-se co regressus ad originem.*

BOHUMIL HRABAL

*Cando a alma se concibe a si propia e concibe a súa potencia
de obrar, está gozosa.*

B. SPINOZA

A última palavra será a quarta dimensão.

C. LISPECTOR

Axioma: Isto é un conto antigo, *little wing*.

Proposición: *The girl in the back who was doing the quake got a belly-ache. She can't concentrate.*

(All the children are drunk.)

Teorema: *You can play with time.*

n Tav

A profundidade de campo é necesaria para que o ollo descanse. Mais é boa a permanencia do movemento, isto é, mostrar o camiño que fixo a mirada ao se trasladar dun primeiro plano até o último. Non é posíbel estarmos vestidos e inmediatamente nus: convén despoxarse da roupa exhibindo este acto gradual. Ese é o erotismo polo que un texto pode ofrecer pracer: non gozar coa retención e descarga do seme, desfrutar a fricción.

E aínda que o traxecto do grao cero está ategado de espíños, os calos van sendo útiles no resto do terreo.

Todo comeza un día no que un globo aerostático te extrae do xardín de mamá e te leva de paseo.

É posíbel salvarse nestas travesías aprendendo a confiar na Nada. Serena é a actitude, serena porque promete a posibilidade de se retirar con dignidade do acontecemento. Desfacendo o segundo, entre as micropartículas de tempo, atópase o baleiro cuántico: a reacción non cabe como noción. Nesas relacións ausentes, nese non-tempo, quero instalarme: un fogar de materia invertida. A vacuidade daquilo que non é materia (tempo-espazo) é un bo lugar para a tranquilidade inocente da orixe. Con remendos fago o vestido, para quedar espida. Con retallos constrúo o que me permitirá derribar (ou arribar no espazo sen urbanizar).

Meditando sobre as cores sen pigmento —raios apenas— neutralízase progresivamente a gama de matices cromáticos inútiles no discurso do silencio. Barallando as sílabas do nome desfaiase a cortina que nos afasta de nós mesmos: fronte á imaxe queimada só é recomendábel saltar na luz. Teslle medo? A min chóranme os ollos, pero vou facer unha viaxe inexorábel e busco acompañante: regalo un billete caro ao non-espazo, ao panóptico de ceos hostís que observan emanacións. Ben, son sórdidos os procesos físicos das cosmogonías, é indefectíbel o camiño do universo. Logo, hai que camiñar con tino nesa realidade sutil, bisbando palabras ás agachadas para que a basta materia non atrape: a materia é o buraco negro e a caída xorda nun chan duro. Canto se pode andar sobre as nubes pretendendo reminiscencias? Canto se tolera o mergullo na auga? Sen respirar estou non-sendo e só non-sendo quero dicir. Entón pode ser lícito pechar os ollos, coma os nenos, para que non vexas que son eu quen che fala: imaxina unha voz en off sen rostro, non digo *eu*, digo Fóra, vale? Entendes se o consigo. Esta é a historia de navegares un té negro e chegares á auga viva. O amargo é un sabor estimulante. Se queres acabar bebendo unha coca-cola, é mellor, claro está, non comezares por un rooibos.

Preténdese unha sorte de diálogo empático con alguén que che agarre a man cando as zoupas do ego rabuñan para evitar ser desterrado. Mais hai instantes nos que o ego está seguro do seu poder e é posíbel pillalo despistado. E eses instantes son divinos: porque o divino é aquilo que se vive fóra dos constrinximentos da psique.

Comeza, logo, a elevarse o globo e a visión, desde arriba, comprende cada vez unha meirande extensión de terreo.

E ves a casa, e ves o poboado, e ves o monte que o circunda, e ves un planeta. E, xa no espazo sideral, os corpos a gravitaren ao redor das estrelas perden importancia porque só respiras po cósmico.

Descóbrese tal que revelación e entendes, instintiva ou divinamente, entón, a natureza da materia, a esencia sutil do basto, descóbrese a rede que conecta o devir dos astros e o ritmo que lles imprime: a Terra corre veloz, mais case non se move se a habitas.

É difícil expresar o visto e frústrame dicir clixés, aínda que supoño que os prefiro, polo momento, ao silencio cando nega —por non explicitar a existencia dos feitos—. Ou recorro a eles porque é moi posíbel que nunca digamos nada novo. Entón, vivinos antes e só retiro o po e exhibo? Non sei, e permanezo, dun modo infantil, no mesmo movemento conxelado intentando articular unha palabra aínda non proferida. Vou ir a modo, sen pretensións, desculpa. Escoito os berros nauseabundos doutra vez que existín: o universo confesa. Ordenamos a priori o devir, pensando, sabendo o imprescindible? O imprescindible para lograrse (somos os anxos caídos?). *A traxedia é perpetua loita, sen vitoria e sen esperanza dela.* Todo son pezas dun puzzle que van ensamblando nun proxecto que conta con cada un de nós pero nos reborda: somos elementos do cosmos a se expandir, e empréganos para se concentrar de novo. Todos os acontecementos non buscados son os instrumentos dos instrumentos do universo. A el chamareille ser ou deus ou máquina ou rede. É consciente ou non tal? Pero ten un plan que cumpre sistematicamente. Sen tregua e sen vontade: organismo mecánico, vou dicir, vou crer.

Eu, que sempre reneguei das relacións causais, baixo iluminada. A me derreter de desexo, do desexo que sinto ao sentir ao meu xeito porque, de súpeto, un día, foi satisfactorio. Xa superei obstáculos. Subín chanzos (de máis?) e xa non teño vertixe. Así que, sentindo que me revelei no meu eu máis íntimo, verbalizo. E así, falando das conexións implícitas, son rebelde, porque rebelarse pode ter algo que ver con revelarse e quen non o sabe é porque non viu. Obtense un intre sagrado: as maiores visións obsequian cun retorno ao útero do cosmos. Tanto goce asusta e adoita compensarse enumerando os pánicos, que sempre acaban vencendo, coa chuvia. E a vida devén sagrada e pesa xa Nada, un terceiro estadio de orixinalidade ou orixe: da inocencia inconsciente dunha primeira volta pásase, por efecto dos golpes, ao que presupomos circuíto (coñecido, por tanto) pechado e gris. Porén, ás veces provocada e outras veces atopada, existe unha saída. O rótulo dinos que é conveniente ficar nus outra vez. Non é non ter empregado vestimentas, non é continuar a empregalas: é despoxarse delas. A condición do suxeito espido é diferente á do que nunca se vestiu.

Unha picadela é o que chega de golpe. Un cravo na roda e ves EXIT. Mais como se improvisan os pasos non dados? Que acontece hoxe? É a pregunta; adiantouse o día da sombra? Unha experiencia paragonábel á morte, que é o punto acedo da vida, mostra que só coñecemos unha dor amarela limón. Ou a vida é o limón que chuchamos para non nos marearmos mentres dure. Daquela eu perdera o limón e apenas vomitei, dando voltas.

Urxiume crecer: coa roda picada e un buraco para escapar só é posíbel comer o biscoito que agranda e seguir as instru-

cións. Para iso precísase unha rosa que palpita: os latexos son búsolas. Vou celebrar un novo mapa (vai ser o que dea).

Está ben desfacer nós antigos antes de espertar. Ao parecer luía diamantes e regresei para aprender a confiar. Confundín as letras e agora precísote.

Malkuth. Reino

Camiño sobre o pregamento cóncavo dunha folla de papel. Algo hai que facer co que se ve para que non fira: a conciencia é unha enfermidade mental mortal e escribir axuda a exorcizar biles. Despois é posíbel dicir os enunciados dramáticos sorrindo, coa alegría calma do ricto triste. É de moito ver, e de querer aínda observar con máis tranquilidade.

♯ Shin

Cremos que as grandes revelacións se escriben en maiúsculas, e a vida, dálle que dálle, escribíndose baixa, sen arrogancia, só intuindo as cargas ancestrais. Os sinais son biscoitos con sorpresa e aparecen de esguello, sen arcanxos anunciando concepcións, sen chegada de trompetas celestiais. Pois ben, non quero maiúsculas que outeen, que xoguen con vantaxe: quero o tempo evidenciándose e, formiga, recoller todas as faragullas, exercer a presión xusta coa unlla do polgar para que non quede fume. Berrar os trazos esenciais e dar anacos de pel non é un problema, porque hai un fume de bágoas, un sorriso nun café. Unha chiscadela universal

mobiliza as raíces, arrinca o magma e o movementa da terra é feliz. É un segundo. Ou menos. Como definir? Un froito non elixe ser.

Iesod. Fundamento, xustiza

De feito, só cometendo o erro de pensar, só nese momento non se esquecen as fendas do chan. Entón busco apuntamentos e fago uns novos de palabras vellas. Ás veces serve, porque cada palabra ten un punto de ancoraxe un pouco máis atrás, nun terreo fluído. Hai que seguir a corda até a piqueta e flotar alí, esas son as instrucións. Así se escribe un libro de a-pés-de-páxina sen perder o terreo. Así pairo vómitos coma coellos de Cortázar: comezan a saír arrecendendo a arroz con leite de avoa. Con moita canela.

Quero trazarme unha transversal. Quero vomitarme toda para chegar a min. Quero escribir vorazmente e bambearme coa boia. Escribir é unha busca e a redención, se acaso.

Teño antollo de realidades, necesidade que ferve amén, aínda que sexa probábel que isto que escribo non teña relación ontolóxica co real. Éme preciso saber que a realidade é irrelevante a non ser que se pretenda dicir coa consciencia do erro. Atoparemos o seu obxectivo xogando a vestir o real de letras (escoitei a Rohmer dicir que existindo só unha mínima porcentaxe de posibilidades de que a vida teña sentido, pagaría a pena crelo. Logo, crer salva. Sintetizando argumentos: a vida é para vivila e só acreditando nisto adquire cor, pero só falándoa real-ízoa.) A tea na que cravas agullas é a Verdade. Ou tampouco. Un tapiz tampouco sería

a apreensión do real, que pingaría nos intersticios ou no tecer da trama sendo.

Por tanto, creo na lingua que sirva para expresar —o proceso subxectivo desa presuposta ou consensuada realidade—. Non caben lagoas estéticas se ao escribir hai ‘verdade’, é dicir, se non tiras ao albo para que chegue a el. Nesta escrita mestúranse mareas e grafías e só así existe o paraíso das letras (papá non mentía). O síntoma é desgaste eléctrico e queimar de fusíbeis (a única petición que lancei ao mar nun vidro roto). Alén diso, fricción; presenciar por omisión; tirar a cana e só cercar o que fica alén das palabras: camiñar e cando xa non queda máis meada e non restan combinacións para respirar, alí está iso que se quere dicir.

↵ Resh

Hai cousas que escapan ao entendemento. *A esencia do material vaise revelar en tensións e golpes e forzosas fundicións*, matando o risco de caer. Non me soltes o globo! Que vou tecer con saliva a miña pel: das dedas ao fío dourado que me sostén do ceo, ben cuberta de inmaculada organicidade, embalsamada coa lingua. Porque a miña boca ten eco e cada palabra é un papaventos con oito lazos e non dá un diario, dá unha biblia.

Hai outras formas de tocar a beira. Co silencio de deus, por exemplo, que a Bergman asusta e que non é ausencia —aínda que certamente o parece—: é o resplandor da inutilidade da palabra. E agora parece que non quero coller o arco e lanzar a frecha, só parolas de café. Busco o verbo.

Hai un código secreto que non atopo, non existe a combinación que nos salve do *cube*: só os inocentes sobreviven, só os que están por riba dos bits saen á luz. O resto morremos no intento de dominalo. Agora ben, a análise é o meu modo de romper cadeas. Esgazalas cos dentes. Non sobrevivo, mais non morro atada.

Por que sucede isto? Porque os símbolos agariman realidades mais a ostra viva non se come proferindo: permíteme ese silencio de deus porque escribo sucio, chea de borranchos, e hai que saber deterse. E hai, sobre todo, que saberse. Saberse é 'en equilibrio cósmico': tocar un violín, tratarnos con tino, sen forzar, sen exceder. E sigo, sigo.

Que vou facer se o Absoluto non consigo pensaLo? Vouno deixar aí, nun aparte. Garda a pregunta e míraa dentro de moitos anos: sairá a resposta. É atopar unha tea nalgún lugar do cuarto. A tea do traxe do emperador: só para quen quere/pode ver. E se vexo e atopo, toco, rozo e vou pasando así as doas dun rosario. Estou nun espazo de noite e por iso non podo dicir onde me encontro mentres as liñas devoran. Trazo, raio, deixo constancia, nos soños, nas entreliñas. Palpo a polpa ou a miseria que abrasa os ollos coma o sol de inverno? Eu traballo coa materia bruta, non me interesa a estadame. Quero vivir en covas, darme aí, rozando na morte, nun pestanexar agardando. A morte é a vida subatómica: de ter que regresar á terra hai que saber como, hai que dedicar tempo a bordar a vida con fíos púrpura. Fareino sen case saber e será unha vibración profunda ultrasónica ou un ta ra ra ra ra, ta ra ra ra ra ra ra ra, ta, ra ra ra rá, pés movéndose. *Estou triste de máis. É por iso que falo de máis. É por iso que bebo de máis.*

¶ Kuf

‘Os pés non son para os zapatos’ é coma un ‘tes medo da tridimensionalidade e queres unha foto?’. Nin unha nin outra, algo peor. Isto é un diálogo co caos, coma o zapato que manca. Ese caos-ordenado-deus canta AUM, pero eu case non sei cantaruxar, como atino co antes da canción? No buraco negro, na forza concéntrica que se asimila até o linde da reversibilidade: o punto álxido de intensidade que atopamos co nariz no embigo, non a anos luz. E alí, pondo o arnés e desfacendo meadas, tropezas coa asfixia do océano e ti sen branquias! Déixame tensarme e palpitar co ritmo, son un corpo perdido, atrapada nun meandro. Xirei bruscamente e fun buscando pitas, e dígoche unha cousa: escribo porque é a miña corda para estar corda. Estou só probando. Nunca me arrisco até a seguranza da inminencia. O último día antes de, cébome. O día antes-D é o día da liberación.

Mentres, escribirei o frío de abismos, emporcarei as bágoas con tinta. Millóns de canles aguilloadas pola posibilidade da angustia en deus, na nada. Mais a tendencia orgánica é a elevarse, sen categorías. Sen-categorías, sen-compartimentos, é a gloria prometida polos mitos? A nada é a gloria? E quen contesta, amor?: só estirando a pregunta é posíbel presentar a resposta. Quen responde di que a interrogación permanece, cercando o terremoto do descoñecido. Polo demais, só palabras. Pastosas.

Mais querer agora as palabras que cubran os intersticios, debuxar liñas sutís, contar outras lonxitudes de onda, supón agardar milagres. E os milagres non son tal, son esperanzas de tapiar as regañas polas que enxergamos o horror vacui.

Ou chamámosllo a aquilo que non agardamos ou ao que non comprendemos (e por iso sorprende). Pois logo, milagre: o que vén de Fóra. Pois logo, Fóra: o campo ignoto no que constrúe a mente.

Hod. Gloria

Vou facer caso: vou mudar *god*, *let me go* por *let me be*. Déixame serme porque non hai refuxio ao que liscar. É unha pregaría, así (*let me, let me*)? Tanto ten, eu só movo ar coas palabras. O ar remexido xa está dado, xa nos precede. Iso si, asubiando pódense provocar ciclóns. Ben, de escoller, prefiro suscitar a comunicar: suscitar é un movemento que destrúe e abre; comunicar pecha artificialmente sentidos. E digo máis: os movementos dialécticos desfanse coma area entre os dedos nese nivel superior que é a nada. Nela non existen departamentos de significados, só mareas que se superpoñen: o final dunha é o comezo doutra. É posíbel a comunicación ou só podemos confiar na empatía? Conseguimos procesar mensaxes ou só captar chiscadelas?

Pois ben, baileite todo o día entre palabras roubadas. As palabras espoliadas recuperaron a liberdade perdida co deseño do termo. O deseño non abonda para a redención. O deseño non é inspirado, é interesado; ten finalidades esóxeñas ao acto de creación. O deseño busca compracer, dar estabilidade ficticia, máis nada. Escribir non é recoller patacas, é xogar a ser funambulista. É o ritual do reto ao amencer.

‡ Tzadi sofit

Na miña defensa direi que cultivo con sangue, que mordo bocados, que rapo a ovella. E ti fai a la que fai o novelo. E ti constrúe as pontes máxicas que conectan o meu terreo co teu. Escribo con sangue que é alma, mais renegarás do sangue alleo por obsceno. O corpo supura o que non soporta a vida, o carmín acedo medita as palabras que se adoitan dicir no non-verbo: un 'sálvame de ser ou a eternidade é demasiado longa ou non podo máis tentar e morrer', porque vivir cansa. Tropecei co fío, desapareceume a cadeira e caín. E cun cepillo freguei facendo mensaxes. Descoñecín códigos, borrei letras co pano dos mocos, silencieei palabras nunha percusión frenética de samba: agora envólvome nos sons con sentido(s).

A interrogación foi a bágoa. Fora perdendo as piquetas e as lonas que habitan o chan. Así que non quero a lingua porque quero a saliva.

Non aprendas a lermes, entón, para non corromperes o pensamento do sangue salpicado. Mais iso si, aprende de memoria esta pel, como se fose quen de dicir as palabras que non lembrás túas. Son discretas, escritas con tinta sen cor, cun daqueles bolígrafos máxicos,

para quen queira ver,
en braille, para rozar.

Escribo para que se lea a entreliña, non enunciado a oración principal por pudor. O implícito compensa a forma. Isto é, teño un presente sen paquete: espida rompendo a terra é a imaxe. Falo pola esquina da boca, un espírito cóase desde o profundo do estómago.

Eu só son un estado electromagnético vibratorio (pode que che faga vibrar, pode que non). E isto só é un cóctel para te refrescares. Canta un paxaro, sen máis, ou convídote a té con canela nunha alfombra de lirios. Só leo carteis que outros deixaron. Coa miña voz de periferia, claro.

Teño leite e no teu peito debuxo círculos. *Este é o fluído do meu corpo, este é o líquido da miña vida.* A flor chora as súas pétalas. Toma herba para alimentares as raíces, aínda que vaia polas ramas porque nelas está o froito e eu vivo del. Quero encher o baleiro, con sangue se é preciso, xa digo, pero non ver esta angustia do insípido. Quero só unha agulla enfiada. Quero formas de fío que agarren realidades. Apuntarei a frecha xusto detrás do horizonte e alí a nota dirá:

Fáltame só unha cousa por dicir:

Nesah. Vitoria, duración

Algún día haberá palabras que rachen a tormenta, que atinxan o ceo por riba das nubes: canto se sofre co horizonte afastándose! Por que falo o toxo e obvio as súas flores? Porque o xardín se fai suando? Falo de como aprender a morrer? Son vítima do desaparego da árbore: quero plantar outra, a miña propia, e re-ligarme, ou recollerme se prefires. Pretendo deixar de habitar apartahoteis e baixar á praia e ler a lúa chea no mar (aínda sabendo que lendo tamén vexo o marco dos lentes). Dicía a miña avoa que a riqueza dunha casa entra pola corte: hai que estercar para obter froito. Pois iso: reunir o escoitado no eco.

Derívame e non deixes de facelo e iso é deixarme aberta. Non me convertas en estatua de sal, violenta(me) o pensamento: xogo coma os gatos, só improviso rezos que memorizar porque é bo repetir e repetir para baleirar o sentido e baleirar así a angustia. Parto un ovo de dúas xemas e berro unha canción que rompe o peito esquerdo co golpe derradeiro do renacemento: cando quebra o corazón, unha renovación está preto.

✦ Tzadi

Só escribo titulares ou notas ao pé, o texto non teño que pólo eu, mellor fico espida porque a linguaxe é insuficiente (para o meu corpo). Non me espertes, estou tentando durmir. É o que parece, son un fío do tecido, son un parafuso do movemento perpetuo, son a palabra que di o eco. Rillo na pedra desfacendo a música, remexe na miña boca, que fai alquimia, porque os diamantes duros fan o triángulo. Méto-me na selva e cóntovos froitas salvaxes. Escribo a escuras: *without collective work, world literature will always remain a miracle*. A ausencia e mais eu facemos boa parella. Mastigo para non ver, dixiro para esquecer, ando de présa os camiños nunha dirección que perdín nun curruncho. Improviso a liña marcada ao andar.

η Fe sofit

Inspirarse é cavar na rocha e a rocha é a droga de deus. Este deus do que falo é a adicción a ocultar a nada. Son adicta ás palabras pero aborrezco, á vez, o vicio de engulir realidades. Porque difícil non é fender unha fisura orixinaria, senón que a esencia non marche coa area.

O material é unha verdade insinuada, nunca razón pura: intentamos acadala, apuntala, mais ela non se nos repregará, non se simplificará á nosa medida. Para te achegares ao que digo, debuxa un punto, concéntrao e desintégro. Debuxa unha estrela con estas cadeas, alta e empinada. Se non accedes de momento non te preocupes, non comas agora isto que che canto e durme co meu murmurio, anda!

Porque é orballo nas follas, e as follas, arrolo, mantra (para saír...). Para filosofar é boa a poesía: facer filosofía é moverse nun sistema teórico, dado ou creado. Filosofar é escudriñar o espazo que queda fóra da estadame. Aí atópase o indefinido da poesía. A filosofía fala do ser e a poesía nel, e dos camiños que achegan (sendo o ser, tamén, as mesmas vías). Ou a filosofía percorre estradas asfaltadas por outros e a poesía crea rutas de sendeirismo. A poesía molla os dedos, a filosofía queima a vista. A lingua do medio come e bebe, ve e toca. O Pensamento é o final da palabra, a alfándega do baleiro, os pasos sutís da *voz de auga*, da voz sen rostro, que traza tímida unha silueta. *As palabras non constrúen o pensamento, indícanlle travesías*. Así que prego que escoites o non-dito, porque levo unha pluma na orella: inscribo o Verbo nas cousas: quero o concepto a partir do obxecto. Mais o concepto pode acabar por abrir a cousa, co

que a cousa deixa de ser cousa para ser nóumeno, punto de partida. Cunha palabra digo catro que non pecho, que non peches!: só sentir cara a onde vai o sentido. E por este *new order* aposto, pero balbucín por non saber falar e por medo non calei. E as palabras outra vez sobran ou fálanme nun idioma ignoto, remoto, despistado, abocado ao mito. A palabra é a chave do descoñecido: atravesada a porta, tiremos a chave.

Dixen: dime! As palabras poden ser para isto, para as cousas pequenas. Agora vou dicir catro cousas e pecho a boca:

Tif'eret. Beleza

A miña relación co mundo decídese no instante calibrado en que esgazo a liberdade e dime, ese seo de nai, onde poder ver as almas. Con alma quero dicir iso que se intúe xusto detrás do iris, o brillo da mirada capaz de manter os ollos frontais. *Mais entre a natureza e o eu do idealismo quedaba ese anaco do cosmos que se chamou alma.* O espírito para ser alma ten que ser a enerxía forxada na fragua dos séculos, co esforzo do metal ardendo. O seu sabor é como viño na adega, temperado polo tempo e arriscado por natureza. E o rigor obriga, co cal os aliados natureza/tempo adoitan presentar a duración cósmica conectada a bacanais, e por isto, en ocasións, nugallá da vida.

Así son eu-Fóra e así podo mostrarme (non pelexando por quen frega a cocíña). Só podo ofrecerche o magma, que é lama ardendo, e esmolar un suspiro. As zonas sombrías da miña alma abrasan.

Ardín de nena polos perigos das hierofanías prematuras, corrín para non romper a composición do plano do Outro, forcei o que me sae naturalmente cando relaxo a boca e pecho os ollos. Indicáronme como non sentir, como non expresar, non me indicaron como pechar a billa. Só precisaba ferramentas. Por iso nunca sei que letra colgarlle a iso que me contan que existe. Agroma outra cousa.

Din que eu existo coma lazo, coma oito, coma gonzo, coma panel indicativo. Son a ponte e son o río. Eu non son en min mesma (e alguén o é?), tócame realizarme fóra de min. Esta sinceridade insultante adoita esquecer que Nada hai fóra dunha mesma e non me deron a instancia, esqueceron ofrecer a posibilidade (de dilatarse). A probabilidade é propia do perderse, e sempre está presente: é probábel desorientarse no espazo, ora ben, é só posíbel desenvolver (ou recuperar) organicamente o sistema da búsola.

Hai máis dificultades na montaña: o que se aprende sempre se ignora con relativa facilidade, o que se odia grávase con ferro e sangue. Tal que na rapa das bestas, así o humano domina e castra con violencia o instinto. Mais así o humano tamén castra o puro, deixando atrás a pulsión e toda a súa potencia. Eu son moi animal e moi etérea, asfixiada nunhas vísceras: son un punto e mais o oposto e existo no camiño do medio. Pois ben, non malgasto máis enerxía resistindo o estancamento, aínda perdendo algo así coma un fado. E con farrapos e agochando a face derramo na pía dos porcos o manxar sagrado, que é o meu único pan destinado aos deuses. Porque non fago máis sacrificios cruentos, porque non quero máis a vida do sangue: porque a dor é moi insoportábel. Hoxe, outra vez, vinlle os

ollos, intencionadamente pálidos e distraídos. Así que mirei un escaparate.

▣ Pe

Entro na tenda, merco un presente e o presente leva un velcro e, pegada, a miña alma, e quedo sendo o baleiro ou a nada caótica antes da orde de antes. Viscosa nas formas diabólicas do lume sen épica, do lume que queima. E por certo que nunca me contaron que fan coas pezas sublimadas. Olla, para observarmos as estrías do conduto precisamos tótems detrás que nos avalen e hoxe non quero cargalo, así que visto a túnica e afástome. Conducirei discreta, fugaz e discreta, percorrendo estradas con habilidade, esquivando sorrisos pintados e saúdos forzados. Pretendo atrincheirarme nun recuncho de vidro e desde alí observar o mundo sen son e sen olor. Pretendo, pretender, *the pretenders...* en que lugar da meseta semántica se converte en finxir? Ou xa coincide co inicio da acción? Cando a fala e a mirada perden o ritmo, cando xa non hai canle, é que se viu máis do que se quería ver. Como cando abren un encoro e o curso tarda en recuperar a organicidade.

Rómpeme o xeo, porque afogo metida na urna. Bailaría tango despoxada de vestidos e de tacóns, comendo con dous garfos. E talvez esa será a miña última misión, envolta en voltas. Aí radicaría o meu misterio.

Mais agora teño a chave e un nome berrado. Collo o beizo e mordo a pel para bicar unha lingua, xelatinosa, escorregando pola cadeira e os ombreiros pendurados das orellas e

querendo desdobrarme e só estando por tras dos meus ollos. Síntoo, señor descoñecido, pésame unha sorte de borranchos con típex. As bágoas desenfocan a orixe do sufrimento, hai dores, si, pero o sufrimento vén connosco desde non sei cando. Iso pica e o revulsivo é amar. Amar coma noción global, amar coma elipse, coma paréntese que cala por non encher de lixo. Amar non é xustaposición, amar non é restrición /eu-ti/. Amar é un manancial no embigo e unhas mans todo enerxía a falta de corpos nos cales descansar.

Gevurah. Rigor, severidade

Para vivir teño que extraerme de min e limparme con bágoas. Son rituais para gañar a divindade, que é a serenidade eterna, como as monxas que van tranquilas, illadas polo hábito. O hábito é deus, a membrana da vida, e non ten barba. Deus carece de mito, como morrer atragoada: atrapada no anódino ou nun coma toda a vida. Unha coma, vivindo en distintos estados de excepción. E declarado o estado de sitio, conto un segredo: o camiño cara á expansión pasa pola contracción.

Tamén pode ser que nada disto e simplemente o pomo da porta rachou agardando descubrir quen ou por que ser. Coa escuridade dos fondos mariños quero rock histórico e brincar arrincando cabelos de medusa, de gorgona liberada. Son un cabalo con mandíbula xudía e ulisco dese xeito: os números son 6, 7, 8 e 9 ou 3, 6 e 7. Máis o Un da orixe. Quero misterios cabalísticos e mil flores roubadas daquel xardín, a expresión da interioridade profunda: a depuración das

formas aleatorias para ir ao elemental, ao ritmo dado pola natureza, polo π . Quero a sombra da posibilidade correndo, un 'why don't you rock my soul?', unha renuncia ao referente externo.

z Ayin

Ves estes ollos, esta daga? Esgazan e ven o sangue que provocan. E se camiñas entre as lapas, quéimaste. Mais eu non vexo a túa cara, hoxe, para poder borrala. Se pido que mires a miña face... quen mira? Desaparecerán enigmas coa proclama: non se pode enganar a deus porque deus é autoconciencia anímica e respira a textura do papel grosso e cada grolo de fume ten esa gravidade pola que esmorezo, gravidade ausente na escada da vida: fóbica, *claustr*o e *agora*. Non sei se dentro ou fóra, agora ou sempre, mais pánico ao chan e pánico á altura.

O ruxir dos motores angústíame de sempre, por moito que a confluencia no cosmos teña que ser líquida. Ou poderá ser café turco, espeso, e os pómulos máis preto das tempas? Caben modos particulares para encrespar a superficie sagrada da materia escura coa unlla? O amargo é para o gusto o que o erotismo para o sexo, o que nos leva alén da supervivencia. Porque eu non sei quebrar liñas, esquezo o imprescindíbel e fico só coas miserias. Son parva, desenvolta pero parva. Cuspíra: aprendín, aprehendín o instante. Caera. Lle. Xa. Nos ollos. Acedo mais non tóxico. Así era o pouso? *This is what you've got. In your mess? Alone?* Non, ela non vía o que era quen de provocar. Corroe, só.

▫ Samej

Recomendei para estes momentos descolocados: sae da casa e camiña o campo porque vai ben ser apoloxista do silencio e non derramar a vida: todo se come, di mamá. Vai ben non correr no tren contra o seu sentido, porque o espazo é en si mesmo, e o lugar, en relación ao suxeito: desprázaste respecto a ti mesmo mais, desaloxado de ti, contas coa mesma área para estares, polarizado. Si que quero ao que tendo e non quero máis proxeccións coma lambetadas: reencontrar o circuíto querer-deber. Non hai máis mística ca iso. Coma o globo en descanso, sen necesidade de piquetas ben amarradas. Porén, berraremos até morrermos: que vergoña!, polo pudor de non sabermos vivir, percorrendo o corredor a golpes contra as paredes.

Algo máis podemos ofrecer. Unha dúbida recollida: o prescindíbel para a vida pode prexudicala? Ou a ausencia do prescindíbel raña na pel? Creo en cousas que non podo demostrar nun laboratorio. Ariadna coñece outras Ariadnas só conectadas polas cadeas químicas e xa non pode coa razón. Iso é ter fe? Quizá non quero entrar en nomenclaturas alleas a min... Non é que estea fría, é que non deixo de camiñar (o espazo e, derivado del) a distancia. Toda interpretación é retrospectiva, logo, todo o que me podo ofrecer para me salvar (de min) son interpretacións afastadas. Estiven crescendo e agora teño que comezar a coñecer para comezar a des(a)prender. Estou seca, en punto morto sen saber onde. Estou aquí e alí. De feito, estou aquí para estar alí. Saír, sen suxeito, da auga nun si. Camiñamos sobre ela?

Dáme un crisol: alagada de ansiedade cando non dispoño del. O elemento externo é o único mal, a orixe da matriz cancerixena. Cando a hormona me vence, merito roupa de premamá: dime, que vou parir? Convertín unha historia de amor nun problema científico. Así que fá-lame baixiño porque se achega unha nova quebra, unha explosión, que é unha intensidade vibrando no estómago. Non pasa do peito porque aí hai un nó. Non sabes coller-me porque a asa está alterada, así que todo se derrama. Todo foi posíbel e coa túa desintegración a realidade fendeu purificada e suave: o pracer está no estarricamento do pregamento. A categoría do gozo ten un modo propio de ser desenvolvida ou tratada: lícita é unha pedra no tao; ilícita, a maleza de fóra. Mais o camiño é persoal e intransferíbel. Improvisamos. Non sei... que o amor tolo deixe de ser xogo de espellos ou manía triste: hoxe tiveron unha dúbida terríbel, hoxe desfixen un muro (*the walls, the walls, the walls...*).

‡ Nun Sofit

Sete pedras púrpura nunha bolsa por entregar, mais ten que dilatar os extremos para poder concentrarse. Diástole, sístole. Non podo alterar a orde. Disme que preponderando o pequeno entreverei o peso do grande. Moito peso, con efecto, para min, acostumada ao vulgar; non ves que as miñas sandalias esvaran neste chan? Son forte, só teño un lixeiro problema de equilibrio. Dáme volume porque a masa é demasiada. Vou sendo transportada. Vou resolta a enfrontar

o camiño. A me enfrontar comigo. Vou comer o biscoito de Alicia para asasinar esa araña. E proseguirei, alta e sen rede.

Hai belezas que crecen coa mirada, outras non poden ser observadas: hai belezas que doen os ollos. Pero se a dor se desfai en serenidade resignada ao entregármonos a ela non debemos resistirnos, porque ignoro outra opción para franqueala.

Antes sopraba un didgeridoo dourado e o caos devíñase de cores. Onde o gardei? Talo constantemente a árbore que planto, mais o erro acéptase na busca do coñecemento. E algo máis ao respecto, a sabedoría sabe imporlle lindes. Outra cousa ou a mesma: as palabras non son máis absoltas, ti verás se queres dispararme. Hai burbullas de gas entre ti-mais-eu e, ao movérmonos, estalan. O príncipe cos xeonllos de escarlata regresará á terra prometida. Chegou e non me atopou: estaba a atravesar un túnel. Vou esquecer algo que non vivín. You're a fucking girl dressed in red, cóspesme. Mira, desde que che dei aquel xersei non tiven xa máis frío. Unha estrela caeu. Unha festa acabou. Exíliome a outra canción. Ías gostar deste xustillo de ouro que visto, pero non me gozarás forte se non me quixeches de morta: este vómito é teu. Onde radica a culpa da náusea?

• Nun

Derramei a miña derradeira bágoa.

Naquel crisol ocultei as bágoas que remexín.

Ou rubo ou floto? Quero romper a rocha suando ou quero deslizarme sobre a auga? Esta é a síntese do manifestado en min, só intensidades de voltaxes fixas: ou no máximo de po-

tencia —derramada— ou a cero —por envorcar. Pretendo a disolución e desintégrome: isto é o que sucede cando saltas chanzos. Busco, convulsa, unha fonte ben gardada de auga viva. Perdo a última localización porque sempre coído que será a derradeira. Non soporto máis liñas de puntos, preciso a liña en si: un plotter que a trace. Libo das flores pero non teño colmea. Unha pena, porque a seiva sideral axuda a mitigar a dor, advirte un ollo en Futurama. Quémame os beizos, escorre de entre os meus dedos, agardei por ti todas as horas. As palabras que me emprestaches din que ir até o final é chegar a un portal. Tímbrame na cidade das tormentas, onde ultimamente nunca chegan a estalar. Só se dá un penetrante (agudo, nas tempas) incremento da tensión. Estimula a natureza que produce para que poidan distribuírse os dons. Fronte a min só teño un xardín artificial e unha fonte de auga fervendo. Estiven no lugar axeitado no momento errado. Por iso non quero máis discursos científicos e non quero máis revelacións metafísicas. Porque só ameí dar de beber sen pechar ben os dedos. O mal uso dos instrumentos dados condena a xerar silencios. E que unha bágoa sexa o único que acaricia. *Big girls don't cry! This is what I sing when I go to sleep.*

O que a ti che parecen delirios son para min lagoas por encher. Escoitas? Arrecenden lembranzas e chocolate por derreter. Bebo sempre dun vaso roto e ti comes unha laranxa á sombra; os corvos bailándote. Ti es un pico de pracer, eu, lembra, son unha onda. Con marea, con resaca. Gotea o gozo en sangue, liñas de lume abrindo o chan. Un vómito por convulsión. Calafríos da terra, espasmos do ceo. Vinte xogar con lume, vinte apagar o lume na pel. Esta é a miraxe dun

manual de cando viviamos nun submarino limón e dixer:
aprendo a morrer.

Hesed. Clemencia

A morte é a vida subatómica. Andarei asubiando mentres fago o pan. Así até que a eternidade se concentre nun punto e me bique e me tape a boca. Conténtame saber que aprendín a caer, porque había dor nas pernas quebradas. Mais quen se afastou do fogar xa regresou a el, advertiron. Freo o camiño, retírome até a luz nova para non ortigarme máis, porque o pus nos xeonllos deixámolo aos dez anos. O meu punto G é o músculo contraído, mais coidado!, que non me analice a terra que non mollo. Advertinche: ...e atopar o ovo sentado no muro. Ai, o perfume dos cravos!

Elíxese unha vida? E cando baixas, hai que recordar paseniño a opción escollida? O déficit entre o que se pide e o que se toma sería o grao de desorientación. Non, na condición incorpórea non se escriben cartas aos reis magos, —máis ben— o desexo (sen contido) é o que nos falta para vibrar ☩. Esta diferenza, baleira, tradúcese en acontecementos, échese con eles. Se deixamos que sucedan afórrase tempo e esforzo no camiño de volta á orixe: unha involución creadora. Ora ben, coa posibilidade de decidir entra en xogo o azar. Hai un río no que cada un flota e é deslizado, pero é posíbel saír del e pasear o bosque. É posíbel perderse, tamén, até que outra corrente de auga te atope. Ti verás se te pegas á terra ou se nadas o fluxo ao ritmo dos peixes.

Entón procurarei xerar circuítos que me asuman pasiva de acto e activa de mente. Confiar, fe-con (crer con soporte), restabelecer fluxos ←, fluxos arribantes, porque chegan da memoria profunda. Caldeiro: cocíñase o de Fóra e nacen alimentos. Crisol: desprazamento de facer o que queres a querer o que fas.

Da ^cat. Coñecemento

Teño que me saber á miña maneira e ao meu ritmo, porque coñecer a teoría serve de pouco. A ver, coido que apostei todo e que por iso funciono con retos minúsculos (medo) e ao mesmo tempo teño présa por vivir (ansia): síntomas do pánico, por se non consigo o mapa. A sensación é a de nadar contracorrente. É como disparar unha frecha a unha nube: alguén intúe a traxectoria que vai seguir?

O meu problema máis grave é terme espartillado con tanta precisión neste corpo. Obrígame a ser humana en exceso e isto é unha inquietude subrepticia ou manifesta: ao me exceder nesta condición, a memoria redúceseme ao vivido nela. Así que preciso dun signo que me sitúe, que me recorde algo que eu, o meu eu máis evidente, descoñece. Deconstrúo o tempo e ignoro o espazo, pero o corpo, que fago co corpo? Eu son nun corpo ocasional. Ou son isto provisionalmente. Quen fose reversíbel coma aqueles bonecos de trapo, para me introducir no útero... e así observar a materia viscosa, o que son esencialmente, o que son eternamente. Son eu e mais . É difícil, entón: eu resúltome xa algo coñecida, pero eu e mais . Que fago

con ese baleiro? Por ignorancia, protéxome del. Por instinto, escollo ben o material: algunhas tintas levan impresa unha aura, un indicador refinado do alén. Exercen a presión axeitada para acadaren a profundidade dos trazos-palabras que apuntan a algo que non acadan: a vacina do mundo. Eu só poño a man impetuosa e agóchome. É como tomares un trankimazín: derivas e derivas e xa non sabes o que estabas a derivar. Calma momentaneamente. Porque o que acontece é que teño moita fame e a boca pequena. Quero moléculas e o átomo vivo, non esborranchar o papiro, quero humus crecéndome. Agora quero comer estrelas e o seu po, pois deus é unha caixa con luz, a xelatina informe do yin, o anel de prata basta en rede, hipertexto da lúa, deus é a benevolencia ou o horror da pálpebra: todo o que hai entre a derradeira dimensión e esta. Dáme o medo do tobogán, faime ser un saco de adrenalina lanzado pola ladeira. Pánico por se me derramo, rodando estalando espaxéndome dispersándome, toda feliz, plena como ao entrever os paquetes de nadal. Iso sería para min o ceo: os papeis de envoltorio tan trepidantes-risade-nena!, convulsión pura.

▣ Mem Sofit

Ben, vou esvoazando torpe e desexaría planar, desde a tridimensionalidade asasino algo noutra dimensión. Pois direi que vagabundeo, trémula, por entrerrúas, inspirando até a última gota e exhalando a derradeira molécula. Mais non moribunda senón morta en vida. Aviso, logo, que parto a rúas medievais estreitas, intúo, como o escaravello a folla,

que hai unha piñata que rebentar, un globo que desinchar, un presente que abrir, pero tamén hai un problema. O problema é eu coa teteira do té negro. Sabemos que é un té negro, é milagre do lume. A consistencia da textura impregna o líquido de vida (impregna=pregnant). Amargo e suave. Adoro deixar carmín na cunca bebendo a esencia que se apalpa, sagrada por orgánica. Así sacúdome na grande onda, fotosentindo e transubstanciándome na brisa. Necesítote aquí, surfando comigo, xa dixen.

Regrésame a ese libro para pendurarme no fío que me corresponde. Mais fío de liño colgando do tapiz deconstruído: sentíndome un acento no i. Así: *I'm on E!*. Así é como vibro, como cando estendo sabor café pola fuga do beizo. O beizo é (tamén) unha pálpebra, a conexión do interruptor, a superficie de contacto dos cabos. E se descubro esa verdade oculta, de que terei que encher a boca? Do cobre atopado e oxidado xa, dun vento que xa foi (paliativo do desarraigo, unha comarca ad hoc). Sorrío de lado.

Entón coloco o cuarto: sei que hai unha imaxe miña en que me recoñezo. Recuperaina: teño riso fácil mais interno. Son capaz de pór mil caras pero os músculos faciais adoecen de flexibilidade para che sorrir con destreza. Iso si, fíxate, os ollos brillan máis e a boca apértase da emoción. Eu non son nítida. Dislexicamente desenfocada observo as pegadas que deixei desordenadamente buscando a fonte de calor, aloucadamente acendendo a lareira nas nádegas.

♫ Mem

É a hiperestesia o que me fai ser nocturna e non nacemos con libro de instrucións. No recuncho, o lombo encurvado xoga á abstracción —traerse da vista e do murmurio— agardando a revelación dalgunha certeza que salve este intre da banalidade. Dinme: agarda, agarda, *it's up to you*. Case non teño un corpo satisfeito e perdóame por querer ser divina ás veces... é que Saba resplandece.

Binah. Intelixencia

Dáme unha gota de música que colme ou que excite, pero provoca o movemento das terras arcaicas. *Flowtista*, toca unhas notas, dáme as vibracións para que poida mergullar o espazo. Para iso é mester sentirmos latexar o cronos, para aprehendermos o aleph. Porque pouco a pouco vivimos e só morremos de vez en cando e de cando en vez emerxemos con lentes novos. A vida vai sendo sen que nos decatemos, entón hai que esquecer isto para poder vivir.

O estado de graza medra na serenidade mais exaculo letras: creo que así me libro de min. Nacín culpábel de algo e teño a vida para lembralo ou fustrigarme. Teño a culpa de nacer. Mais teño a pauta do boomerang: o traxecto do dar-se ao recibir-se.

↳ Lamed

Recoñecín tarde a aplicación do desprazamento: visualizar o camiño desde arriba para o camiñar cando baixo. Agora aprendo a voar. Primeira lección: deixarse levar polas correntes. Para arriba, para abaixo, para un lado... Xa chegarei ao outro. *She flies like a bird in the sky... I see her sight*. Quero aquelas convulsións que anegan, quero montar un cabalo e desaparecer naquel planeta que ilumina só pola distancia. E renacerei, si, cun pouco de tempo e de espazo. Espía: acumulo grans e fago a duna. Unha imaxe bíblica: o carneiro bebe e así a muller roza sutil, rodea a beira do lago. Ponse aí, coma unha esfínxe, sitúame e descansa. Que hai antes e despois dese ollo? A raia que divide, que?

Que pasou que me puxeron o universo na man? E xirou, xirou para min. Acaricioume un círculo antigo. Que que- res...? O fume axúdame a respirar a forza contida. Saírei limpa do baño: por veces son quen de me esquecer de min. Outras, corrín polas estradas comarcais do meu cerebro. A vida esíxeme na (xusta) medida en que eu lle esixo. Non me esixo e así deixo de esixir: non-creo nin creo. Estes acontecementos quero entendelos como resultado de infinitas e minuciosas operacións matemáticas executadas entre o suxeito e a súa circunstancia. Obtense así un suxeito non illado e unha circunstancia que excede o contexto: a fusión entre as dúas realidades é un-algo-irrepetíbel. O acontecemento.

7 Jaf Sofit

Non acepto máis remendos, arrinca as sabas que agora son trabes. Saber o caso e a causa non abonda, hai que saber desfacer os grumos que non atravesan o tapiz, o tapiz que tecía e que actualmente zurzo. Pode que a trama se trabuque ás veces ou pode ser unha ousadía dubidar do rigor das leis do caos. Non sei, hoxe non teño fío para coser, teño un novelo que me retén á terra, ancorada nunha illa. Fállame a engrenaxe ou non existe tal. Son eu unha alguén que non coñecía o mar porque era a auga inconsciente? Unha boca francida, un cristal opaco? Adoito perder os esquemas...

E se entendo que o amencer é seguido polo solpor e niso consisten os días? Son un bebé que chora de fame e pensa que alguén está obrigado a nutrilo. *I don't wanna grow up... I don't wanna feel this time!* Cantaruxo unha canción ao bebé morto no berce. Embáloo, non vaia ser que esperte.

Petrificada en ámbar e algo por comprender, algo de aquel todo. Só escoito o silencio do abismo no océano: brúa, e quen entende? É a síndrome de irrealidade. Un balde baleiro. Dálle unha patada, porque os meus tesouros convertéronse en lixo. Sube chanzos, cólleme da man e lévame contigo.

8 Kaf

A viaxe que me ofereces é algodón de azucre e chegas cando di a providencia.

Fixen un sitio para ti: un corazón que latexa ben forte e unha cabeza ben fría, impávida, redimida de adoracións,

suficientemente ardente para coñecer éxtases de frialdade. Este lugar é alto e escarpado, que comerás? Abro lacenas e mesturo especias aleatoriamente: mastiga ben, é de difícil dixestión. Toma disto: a amatista é a superficie do mar en ondas baixo a lúa. Nútrete para nutrirme. Teño sede da túa sede profunda, salvaxe. Saín pola beira do mar de dúbidas, que son dun gris pegañento, pois conseguín unha touca cargada de memoria, e aquí me tes, a rir. Os primeiros risos son amargos: só progreso adecuadamente. Só onde hai sepulcros hai resurreccións. Coa saia negra e as pernas brancas dancei o mar. Bico e licúo a laranxa ao bailar fronte ao espello e así, cando non reste nada enteiro, haberá un froito por comer. Como a vida dos bares e aliméntanme pensamentos inéditos. La suave para toda a semana facendo calcetíns bonitos.

As plumas van caer. É o único xeito de apalpar o ceo.

• Yod

Oferecendo a deus o alimento de deus paso as noites. Deus é un concepto, con ideas sobrevive e a súa respiración cicé-lame. O hemisferio esquerdo pon as vendas, pare a momia, mais quédame o útero pronto para albergar outro óvulo, potencia pura. Maxia ou física é o mesmo. Dáme o número. Aquí está a combinación secreta. Dinamita ese fósil, quero ser a explosión. Que a molécula participe na miña. Tócame a alma.

Hokmah. Sabedoría

O fume foi a epidural que me pariu, as cadeiras nunca foron para min. No chan estase ben. Merquei un traxe grande de máis e non conseguín rozar a selva de volta. Non foi problema do coitelo senón da técnica empregada. Será que por non saber facer dubidamos? Será que por non saber facer cuestionamos os recursos? Vin a árbore espida no túmulo.

Coma un proceso fotográfico de manual: queima a prata coa luz e aquí tes o negro, a non-cor!

Pode que o meu alimento sexa lume para ti.

Comezamos: a orixe da orixe é a mente en branco.

Chaman á porta e non chega ninguén, vibra o ar e quero un ciclón, necesito unha resposta: seina e sécase. Busco as máximas que estou farta de atopar. O obxecto que por sino se me aparece baléirase e pensa que permanece reflectindo. Descomponse na carcasa, coa mazá incrustada até morrer. Fedorento. E ti non tes o verbo, logo, a acción. E ti, cos xeonllos exánimes, face cubista e unha bágoa de Lichtenstein. E o berro que non se oe e por iso é eterno. Preciosa cos trapos esgazados e suor. Esforzos de parto. Non me atopo a saída e xa son moi grande aquí dentro. O mandato divino: xermolar, crecer. As opcións: afogar ou liscar do paraíso. Culpábel de non saber saír!

Atravesa o ventre con lentitude, eleva esa folla de metal. E a boca aberta, sen ar, non tragou o que retiña.

O ruído vén de moi lonxe coma un panel de lembranzas momificadas que conservaron a textura dos vivos.

Agárdame un arduo periplo, mais eu non quero moldear barro deshidratado, facer unha escultura nun encoro. A gravidade é cara a unha mesma e cara a dentro. As viaxes polo cerebro teñen moi malas estradas, como intentar reanimar un suicida. Quero unha liña directa a algo, non aos excesos das ruínas romanas ebrias de-final-de-festa. Quero evitar o descenso despois de palpar. Así que previa, sen beber a terceira copa.

▣ Tet

Debuxo febril o derradeiro tramo dun subcírculo. Longas peregrinacións por mesetas áridas. Aquí permanece a convulsión orixinada na última celebración iniciática. Agora remato coa febre coma derradeiro estertor. O punto final acaricia o inicio: retirar areas coa man e recoñecer o elemento do xogo é cumprir regras ancestrais. Coma hetaira no templo, escenificando o nacemento para os asistentes á cruz de colgar desa estrela. É intentar descubrir desenterrando: desenterras e desenterras e nunca descubres, porque estaba alí enriba, na superficie: a herba para rumiar nunca foi substrato. O que nunca se formulou por obvio é a solución. Non formulalo é a resposta. Investigar non é buscar, é atopar.

Arrástranme as mareas e talvez non chegue (viva) á praia. A extrema lucidez é loucura. O extremo é o excesivo. O excesivo é relativo. Relativo á capacidade. E se sobrevivo, naufraga, terei febre e tampouco serei lúcida. Destrúo por saber. E o necesario é parar-te. A min, a ti... E a señora pregunta que casas son estas. —Señora, estas casas van ser o labirinto a pique, o bosque desde a nube ou non importa o seu nome porque é un espazo informe e oblicuo. Cando o nome non di é tolemia ou lucidez extrema e, como tal, linde. As rexións fronteirizas, sábese, son difíciles. É case mellor camiñar con desgaste nun tren rexional que avanza en zigzag, por rozamento. —Señora, ve vostede esta face sen tempo?

Eu preciso da pupila dilatada para ver na escuridade. *I saw the line in your eyes. Such is my faith for you. Such is my faith.* O contraabaixo di unha cruz: a tarefa cumprida no prazo íntimo da proposta: *c'est la vie!*

E non podo saber máis da conta, máis dun paso para min-ahora. Reincidente, acabo xogando a reconceptualizar unha amálgama entre isto que son, isto que penso, isto que sinto, isto que digo, iso que cala, iso que morre, esa pantasma. Son 3200 ASA, os grans destacan, necesito diafragma alto, pechado, con infinita profundidade de campo. Miro coma quen é inocente, coma quen é sen intención. Miro coma quen busca o baño na estación do tren mais desexa documentos de devanceiros que están á venda só nos fondos do quiosco. Axusto o peito coma quen vai triunfar borrando atributos.

Keter. Coroa

A música é un estado mental. A miña vibración é considerablemente banal, un tres por catro seguramente. Entón corro cen mil metros para che falar *I wanna touch you, girl, deeper, deeper*. En que dimensión mergulla esa fala?

É un intento de inhalación que acaba por afogar. Xa non berro, se estou alerta, mais aínda noto unha opresión no peito. O cerebro leva o corpo pero a terra non chora porque non ten ollos, sofre doutro modo. *Hai persoas que semellan non pensar máis que co cerebro (...) mentres outros pensan con todo o corpo e con toda a alma, co sangue, cos ósos, co corazón, cos pulmóns, co ventre, coa vida*. E son xeo: auga conxelada. Lembras canto doen os órganos cristalizados? Nun deserto invertido: entumecida de día, abrasada pola noite.

Respiro un lirio: abre e pecha o tempo. Veño de lonxe, ir é preto. Con mirada altiva pero húmida, roldo polo filme tal

que protagonista espectadora. Un pouco tétrica, un pouco melancólica. E moita materia prima. A vida é o tempo dos ciganos: despois de aprender a vivir, terei que aprender a morrer. E na morte hai cousas que terei que vivir soa. Marcharei buscando o grande quizá. Teño mil membranas solapadas no centro do ventre para atravesar o tempo. Hoxe viviu a lapa da eternidade un instante. Hoxe o destino descansa. Hoxe cúmprese a vontade. Hoxe xa non me serven as palabras, atopei o interruptor. Non remexas a auga avolta.

Meditar o oco na madeira limpoume. O funcionamento do deshumidificador: absorber, condensar, verter.

Tira a carga do globo e voa.

π Het

Non quero rexistros, derrubarei encoros. Dixera: os números son 6, 7, 8 e 9. O 3 éme mais non me dá xeito: nin espazo nin cronos, así que dáme outras dimensións, porque vou tecendo a tea para que o tecido se teza e continuarei a me espremer un anaco: o lume consume a madeira mais ilumina as formas. O limite está no humano? O 8 permite superalo. Son unha desaparegada da terra porque busco nela transcendencia, busco con mono a transcendencia do intranscendente. *I'd like to be here, where I can.* Con dificultade precisas a miña posición: a lonxitude das ondas que porto é maior do que imaxinas. Mais só intimo con conceptos. Olla: ser é estar sendo. Ou: a luz vén en paquetes pequenos. Dáme a anacos o presente de quanta para entender aos poucos o universo, reconece os campos móbiles de magnetismo. Flir-

teo coa posibilidade de redención: valorar o real a partir do posíbel. E ás noites son Odette: ofereço té e namórome do cisne que alimenta os gatos do tellado. Son unha formiga que toma té para o labor perenne mentres unha nena chora *por que?! Non...!* no outro lado da fiestra. Teño un cogomelo para vivir, un cogomelo para comer. Non pairo cemento para construír a casa, só ar que tes que soprar. Estou no faiado luíndo pedras, cun facho repito o terreo. Sen quebrar órbitas, avanzo e retrocedo seguindo as leis eternas do meu ser. A cada fin, un comezo.

Conectamos motores. Subo e duro. Somos herdeiros de nós mesmos e unha gota de pigmento na esquina dereita do filme. Sentir é unha ferida que pica.

Quedei sen faro para as noites longas e non localizo os trebellos, tropezo con eles. Non valen lanternas: iluminan segmentos minúsculos que agochan o contorno. Que aconteceu esta noite? Percorrín desertos e atopei un hotel abandonado. Crucei cuartos e camas desfeitas. *Perderse é ir achando e non saber que facer co que se vai atopando.*

Que o mar soe a súa melodía, que eu soarei a miña: ou a melodía son todas as notas pulsadas, cada unha co seu ton ao seu ritmo. Eu calo e déixolle as palabras a quen relata unha historia de peregrinacións. Que pasa se gosto de facer pompas de xabón? Non quero sorprendeme nas ruelas cegas. Coido que descoñeces qué é a cebola sen capas.

‡ Zayin

Pesaron as pedras, retiveron bañeiras de lava ardendo. Empapárase a víscera coa bile que non evacuou o iris.

Mais rachou o espello e curou.

Eu

adestrando en técnicas de caída libre
nun círculo precósmico.

Ain. Nada

Así que teño todos os signos ao meu carón, se quero, mais fáltasme ti. Fáltome até que poida reverterme e para iso teño que pillarme por sorpresa estirando os beizos e sorrindo até quebrar a face. Vou darche unha imaxe: escolle o pulo de romper a casca. É como erguerse pola mañá: non hai remedio, necesitas crer en algo que gañar. Pero gostas de xogar co camiño tapiado, o que ten o muro a un metro do aviso, onde sempre, sempre, rachan os dentes? Nacemos momias e pedimos espirnos. Non hai que ter pudor, porque o último que destapan son os ollos. Ou ter a boca chea e non poder falar. Non debería dicilo así, isto só pode sentirse moi de esguello. É coma unha torta: non podes comela dun bocado, hai que nutrirse en rituais.

Entón non máis adeuses en escena porque é como bicarse e un cristal no medio. Mais falta o impudor dos fieis para lograrse, porque absterse é impedirse e a opción eficaz é exporse, exporse moito, moito máis alá. É comer o acedo doce da mazá.

A vida é esa única secuencia cinematográfica realizada para evitar a súa visión. O coitelo que corta o ollo é a vida. Que imos facer se son as contradicións as que permiten dar forma ao ser mais o ser non ten forma definida? Non pode ser canalizado sen sufrimento, así que o que importa é o trazo e a pista é máis ben sórdida e continúa en rexións ignotas. Así que ensaia as forzas, porque é cacto coa folla moi carnosa e créase no que lle corresponde. Aleluia, digo, podendo embrionariamente co pracer. O sentido da vida é resistila, que o acumulado nos esculpa até morrermos: *o non-esquecemento consiste en pensar e practicar o endereitamento do meu ser-múltiple cara ao Inmortal acubillado, e que o esburacamento dun encontro compuxo como suxeito.*

No berce do movemento atravesando cidades, camiño agarrando o chan, non concibo outra maneira de dispor os pés. Eu sabe máis do que eu sei.

1 Vav

O pasado é o presente desenvolvido ou o presente é o pasado concentrado: a súa natureza non se palpa, non é un positivado. A recolleita é un xa permanente: canto hai que desprazarse para regresar ao mesmo lugar? Hai unha sorte de intelixencia destinada ao deslucido e só na meseta se comeza a voar. A pregunta é resposta con interrogante e, como as restras das cebolas, unha leva á outra e así se envolve o mundo. Ou a pregunta é a cebola mesma e a resposta é arrincarlle as capas: que queda do concepto? Talvez exista nel un a priori perceptivo, un papel pregado que, coma o

barro, adquire a forma que lle queiras dar. E para non decepcionar, vou dar unha forma: o instinto é a pregunta e por tanto a solución. Mais conséguese coa comprensión, non coa severidade do xuízo.

Ningún coñecemento aproximado máis: entón, absolutos. Esa é a mística da mirada orixinaria, porque cando comprendo un concepto albisco o que antes houbo: un frechazo, unha aspiración case ansiosa a algo, a algo emerxido que me faga emerxente. Do contrario, saberemos por oposición á ignorancia e hai medo do suspenso e será como saber a técnica para desfacer o nó mais ter as mans atadas... Será eclipsar ou distorsionar. Será trasladarse observando as perspectivas que o obxecto proxecta, buscándoo nas formas sen o penetrar. E isto non é vontade, é corte. E obteremos o resentimento da reivindicación desatendida.

Quero o enigma do equilibrio dinámico. A orde viva. Quero enigmas sagrados e tamén rañar co dedo. Hai razóns soterradas e ningún crime de sangue. Hai un acceso para iniciados oculto entre as miñas sabas, ás veces de lume, ás veces de auga. Saen as pínegas cando collo o misto, estilizándoo o movemento: sen mirar aos ollos, sen gastar os meus. Porque xa non escoito máis que ultrasóns, para non ter que facer ese videoxogo con camiseta negra e suor de impotencia. Dáme sede. Isto é un imperativo e un consello ou só unha pulsión que agocha algo que eu descoñezo.

π Hai

É a medusa que sitúas no monte estimulando un punto G para regresares á matriz. Estamos a comer a polpa, seremos a semente. Así que quero sen formas, conservando a virxe consciencia dun deus inconsciente, porque non permiten entrar nel berrando. Precísase transubstanciación: leite cañado goteando estalactitas na inmensidade. E un señor do coñecemento pregúntame por ela e respondo que só a sei asubiando, que ela é a partícula que borra as pautas do caderno, facéndoa de novo pasta de papel, húmida, atopando o branco óso no que saltaremos á vez, un día, todos da man. Que para saber de que falo hai que devir lameiro e non invernadoiro, porque corroe, separa o látex. Porque ver en estridencia, con pantalla, mediada por un veo eléctrico, escindida por distorsión perceptiva, extraída e sen soporte, non cura a peste. Hai que saber choralá. O aberto é un espazo inabordábel no que conflúen os puntos da nada. A nada oscila entre as partículas baleiras e a saturación do *eu*.

o voltios é non-son e é non-cor (curiosa metafísica da física). Detén as ramificacións, prégate nun punto. O real é o que subsiste atrás das pantallas. Rompiches xa a seda? Aí está o eu-anominal: os riscos esenciais aparécense no vidro (e aparto a vista. Que medo atoparse!). Mais non sigas as faragullas que prometen opulencia, abonda entrever o cocinado concienciadamente para esquecelo. Unha sandía. Das gotas escorre tan doce o tempo.

Pode que no ático da miña vida me tire del. Pode que atravesese a última porta e visite lugares sen nome.

7 Dalet

Molla o croio para que revele os seus misterios: ves que non é gris, que o habitan espectros? Deixa que o curso prosiga: calquera vida é imposible, é un bailarín na corda frouxa, unha construción de ar, funambulista cego. Déixate caer, que o chan é suave. Só están a obrar forzas interiores.

Partimos de cero e partimos de infinito e na metade do día vémonos na feira, vendendo meadas de seda. Dáme calor mentres o sol non toca a pel. Se me dás a man, eu estarei a dar a miña.

Toma un mapa, un mapa do misterio-misterio: antes de que estale, hai que desinchar. Envólveo en veludo azul, porque as cousas esquecidas gardan os únicos sinais. Recoñecer o camiño é custoso: todos poden valer, non todos son igualmente eficaces. *All I want is twenty, twenty visions.*

As escasas consistencias do mundo comezan sempre nos recunchos. Dun lenzo informe, vivo e ferido. Camiña a xornada, que as liñas son perfís. Preme as teclas, que están a agardar por ti. Leva tempo. O tempo, dixeron, non é obstáculo, é a medida para que a substancia se exprese:

xogar co azar éme excitante pero cansado. Así que non complicarei travesías. E ademais resulta que o camiño adhire e querer e non querer acaban sendo o mesmo. Iso si, dun cumio a outro cumio, din por aí, o camiño máis curto é ter pernas longas. *Dark is the deepest sea.*

‡ Guimel

Abre unha desas non-portas, que oferezo un fetiche: o xogo está da túa man. Baléirome para (a)coller(te). Cóntocho e douche un hálito e fico xerando un novo, quieta. Bícame aquí, na esquina inferior da mandíbula. E non te enquistes porque aínda non empezou a viaxe aos reais virxes que só palpo contigo.

Quero a traxectoria do avión: unha raia que se esvae no momento de ser escrita e o grafito concentrando cincocentas vidas. Quero marcar o trazo cos dedos, facelo palabra, morder con liñas negras: os dentes buscan onde incrustarse. Quero as gramáticas que fan raias coma as ecuacións, parábolas. A liña que sobrevoa é un punto, un punto que vibra desde as orixes até as orixes.

Pinza as cordas, dóbraas. Suspéndete na percusión do metal, que se esfuma ao ser vista.

Ein-Sof. O infinito

Ao nacer cólgannos nunha estada e o abismo fica fóra. Esa zona perigosa é lama prateada. Fitando nos ollos do medo os segundos son séculos de reacción, o movemento non responde, mais a resposta vén de fóra: DF, distrito federal, disposición final. A antepasada acompaña vagando polo territorio fronteirizo. Un ataúde é unha porta dimensional. Aínda quedan moitas almas en pena, torpes pola ausencia de pracer. Todas vivas, todas mortas, todas cun adaxio na fronte, espectadoras de si mesmas. E agora, senta ti no teu

borde e mírate e reza nos modos sutís: unha sorte de apostas e saen ases. Porque existe unha taxa de gozo cósmico e deus esixe a voluptuosidade. Deus é a voluptuosidade do espírito. O espírito que chega a deus é o estado permanente de gozo. Existe o espazo exacto para escachar unha noz. Fragmentada, non extraías: deixa que caia. Porque cada paso é un oco ou os pezuños enlamados. Sei... só que para subir hai que coller enxirada en profundidades abominábeis. Só que ollos vermellos de rañar. Só que cando deixa de chover a gárgola continúa a vomitar. A botella no mar contén unha mazá comida.

Mira, alguén quedou cego pretendendo fixar o sol. Eu, como é obvio, fago caso omiso das advertencias que dou e aínda pretendo imprimir a luz. Fotografo en detrimento da miña vista. Canto máis alto subo, máis alto é o muro. *Darling, you're the worst down on me...* Levo un colar de madeira por ser un boi desbocado. Mais sabes unha cousa? Sendo besta contas cun certo tipo de inocencia. Iso si, confío que nun instante o efecto do esforzo prolongado apareza como obvio e fácil. Mentres, retírome até que teña unha meta alta para dar. Só dime antes: que escada empregas ti para ver a esperanza?

Durante o retiro gañamos liberdade de acción, porque non sempre se atopa script que sitúe o intre, e é frutífero ver o terreo afastándonos del, pero que medie alguén entre eu e min, se min é un eu que anuncia. Na asimetría está o equilibrio, pero vin malformacións no reflexo. Limareinas. Movéndome harmónica acadarei a fin. Convulsa e pechada aínda pesco cun cántaro roto mais, xuro, para fuxir teremos que nin sentir a respiración. Estou a me organizar coas maletas,

átoas con lazos de sabedoría campesiña: para que chos eu mostrar tes que vir despojado de prexuízos. Se contemplas a forma, podes configurar o mundo. Non hai que entender por que a área dun cadrado é o lado polo lado, só sentir un pensamento azul eléctrico e gris metálico. Con dificultade colles a chave para abrir a eternidade. Entra, non hai trabas fóra de ti. Cegado pola luz, non tropeces! Hai espazos amplos, libres, con entradas difíciles. Humedécete para notares os pregamentos. *She was tall, she was high* e escribe a carta longa dos pasos até a praia. *She always touched the sky.*

▮ Bet

Rozo o linde da elipse, máis quente aquí, no útero. As espirais contan con distintas profundidades: ese é o meu movemento. Rózamo. Hai distintos estratos: todo está aí: depende de onde queiras situarte para ver. Foi tecéndose o tecido nunha vibración supraconsciente. A túa sombra inspírame: a natureza deuche forma de culler e a min de aceite. O fume presénciate.

Proximamente invado o lume. Xa. Filtro a membrana. Que o comité de benvida ao ser nos reciba xuntos. Non quero LSD, quero un Hare Krsna. A medio camiño entre iso que está para nós e o agora só está o tempo, con todos os seus apéndices. O tempo é esa noción grande que asumo con dificultade, non o bordo axeitadamente. E se ti ralentizas, eu desacelero tamén e o destino permanece en stand by. Estes son os tentáculos do tempo até lle chamarmos aliado. Entón a cuestión vai ser que sucederá calquera cousa que teña que

suceder. *No expectations. Take me to the station. And put me into the train. I've got no expectations.* Parte o barco: suceder é dun xeito non humano que descoñecemos; decidir é un estado de purgatorio. Estar sendo é o péndulo oscilando entre o cotián e o exaltado: no primeiro morro, o segundo mástame. Terei que me arremangar e suar? Pensar é perigoso e agora preciso o feito. Por iso, agora virás a que me regrese ao corpo? Por iso agora vou falar da responsabilidade do mundo, con aplausos enlatados e xemidos (polos de pracer que non se conseguiron). Así. Porque a angustia é todos nós angustiados. Reméxense as raíces e mil fisuras no terreo.

Cada un ten os seus modos propios de sinalización, o seu código de rexistros particular. Os lindes do ser non coinciden coa pel: reter o fluxo é o mal: un pelo enquistado é a esquizofrenia: o organismo inimigo do corpo. Edipo non pode co esquizo porque o porto perde fronte ao océano. O neurótico apóiase na rocha. O esquizo vaga no mar. Non te lances sen corda ou sen saber nadar.

Outra cousa é saber por que chaman tolos aos des(a)pegados. Bota fume esta máquina, así que toca xa unha corneta civil: *shake it!* Fai o tempo. Sacude o que poidas. A revolución é aberta e de regreso: o universo prégame a base de despregamentos. Homoxeneizamos vibracións? A temperatura do cero é un *eu* non me escindo de *ti*. *Na medida en que as persoas están sometidas ás paixóns, nunca se pode dicir que concorden en natureza.* A pulsión personaliza, si, mais compensa? Somos retallos do ser derivado e comemos anaquiños para recuperarmonos na orixe. Sen *quen*. O suxeito non existe máis e os desprazamentos son horizontais. A unidade non coincide coa identidade: nin *eu* son idéntica a *min*, co-

mo poderei pórme na túa pel(ícula)? É que o sufrimento é intransferíbel.

A humanidade sobrevívese nas súas traxedias cotiás.

Só vexo un espello cóncavo, o universo antes de nacer.

Onde chegamos de vivos comeza a danza, onde imos de mortos a danza é danza de corpos no fotograma sen posicionar: o corpo eclipsado é o círculo, o círculo positivado é a cruz. A vida arrástrase no mamado. Somos as nosas nais no concerto cego dos átomos, adquirindo gravitación para perdela. Camiñamos xuntos cara ao arquetipo entre berros primitivos. Chiscar as ás e berrar: atopámonos nun instante que é eternidade. Pois alí somos o mesmo vómito dun baleiro que empachou de si mesmo. Após o parto, fóra, só se reconece a evocación inundando as leiras. A memoria son burbullas dunha pota que entra en ebulición. Entón é demasiada carga para min. Entón é demasiado restrinxido para todos. Esta debilidade é un alfinete e é o detonante: somos nada e á nada volveremos. O que sobrevivirá será un murmurio mordendo cartilaxe. É lícito perverter a lingua?

A perversión é a furia das palabras para tragar prolongacións da fórmula pitagórica na materia. Mais é así como todo vai ocupando o seu posto. Todo oscila entre dous puntos visíbeis: os intermedios, as dixuncións inclusivas son os dedos capaces de tocar por toda a noite dos tempos: *dance with me, pretty boy, tonight*.

Debuxei símbolos que non chegaron a deus, porque deus hai que vivilo na reverberación do ☩. Deus é isto: «non penses a vida, deixa que suceda»; díxomo mamá. *Life is the lonely highway*.

E así distingo entre existencia e vida: ah, ben! Entón adorei a vida mentres mantiña problemas coa existencia. A existencia é unha percepción interior, profunda. A vida non me pertence, a vida supérame e nunca se trabuca (confesáronme na India). Estamos dispostos a recibila fortes e dúctiles? Non existimos como verbo, só como concepto: somos unha ecuación inscrita no cosmos, só somos laterais dunha figura xeométrica, fisuras na matriz do real. Del saímos rodando e nel nos recollemos. O camiño péchase sobre si mesmo e alí nos vemos, descansando un anaco.

O universo é o espectáculo que deus se dá a si mesmo. Ten ganas de entreterse. *Divina estás, programada para el baile...* Ás veces arrepiame a precisión rigorosa deste deus que digo: frío e cego. A máquina cósmica é o inexorábel e esgotador esforzo da eternidade. Ás veces non gosto dese robot.

X é un ovo. Pelar o ovo é cousa difícil: coa casca vaise a membrana proteica, e ela mesma queda sendo pedras de mar. X é unha perfecta esfera sen lindes e, nela, cruzando camiños. X é a orixe antes da orixe: respiraba tranquilamente, por si mesmo, un baleiro vestido de caos.

Pintei o nacemento de deus. Pariuse con dor en implosión. E saíu del mesmo.

Ben, acepto que o latexo sabe respirar. A agulla do reloxo marca o destino do latexar. *And come with me and share the life I found, so take me in your lifetime while it flows.*

Deus tamén ás veces é un regato que canta. O eixo dun bambán é deus (toma distancia para ver como se move). Un xogo para os que saben. É que é difícil soportar a vida núa. A vida é analóxica e supura. Mellor: con fume, supura; sen el, ferida limpa.

Porque canto máis crece unha árbore cara ao ceo, máis afonda as súas raíces na terra, porque busquei o rostro orixinario no cristal. Mais agora *I will sing my song*, mais agora quito a pel para durmir. Teño profundas conviccións (frecuentemente ao meu pesar): unha gota de orballo na arañeira até que atravesese contigo da man o túnel e o Absoluta a rirmos, *voilà!*, dunha beleza rara. Un sorriso con mirada. O cubo de rubik resolto.

Floto nunha poza: non ben o penso, o corpo no chan. Que máis sabedoría quero que esta? Non me espertes, tento durmir. É o que parece.

Olla, *time is out of joint*.

Resta aínda un berro por dicir
quero abrir os teus beizos cos meus.

Así que toma unha calada e benvido a esta beira desbocada. *Got a number when you close your eyes like a real magician*. Nela escoitei o silencio e catro notas sufocadas, tal que un rabuño na nada.

(A flor de lis é unha frecha disparándose ao ceo.)

Este libro,
composto en Minion Pro
11/13,5, saíu do prelo no
mes de xullo
do 2011



*Descoñecín códigos, borrei letras co pano dos mocos,
silencieí palabras nunha percusión frenética de
samba: agora envólvome nos sons con sentido(s).*

REBECA BACEIREDO naceu en Ourense en 1979.
É autora da tese doutoral *Achegas onto-éticas para
a liberación do suxeito. Unha aproximación a partir
da filosofía de Gilles Deleuze e do libro O suxeito
posmoderno. Entre a estética e o consumo* (2006).

